




Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/21481/2023 02/11/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 MJIB	Documento 1081710BQB	
Código de verificación  6K6Z 6P10 516O 6K54 0LOJ	Expediente 108/2023/1719	
	Data 27-10-2023	

Asunto: Cobertura, en comisión de servizos, do posto xefatura de departamento de Promoción Económica (ref. posto 207).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A xefa de servizo de Emprego e Empresa co conforme da coordinadora xeral da Área de Benestar Social con data 16/09/2023, emite informe de necesidade de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de xefatura de departamento de Promoción Económica, nº referencia 207 da RPT.

Dita cobertura temporal do posto de xefatura de departamento de Promoción Económica é urxente e necesaria xa que na actualidade o devandito posto encóntrase vacante e as tarefas propias do mesmo requiren unha especialización que fai imprescindible a súa cobertura para poder garantir o correcto funcionamento do departamento de Promoción Económica do Servizo de Emprego e Empresa. As funcións a desenvolver pola persoa titular deste posto de traballo, son entre outras, a xestión de viveiros municipais, a elaboración de pregos de contratos administrativos, a xestión do cadro de asesoramento para o autoemprego, a realización de informes de viabilidade para proxectos de emprendedores e a xestión e tramitación de convenios nominativos.

Todo o anterior, fai que resulte necesario, por causas de urxencia e extraordinaria necesidade, a cobertura temporal do posto de posto de xefatura de departamento de Promoción Económica, nº referencia 207, para evitar prexuízos no correcto funcionamento do Servizo de Emprego e Empresa.

Segundo.- O día 25/09/2023 o Servizo de Recursos Humanos publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, do seguinte posto de traballo:

1. Xefe/a de Departamento de Promoción Económica. (Servizo de Emprego e Empresa), referencia 207.

No citado anuncio, indícase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou na sede electrónica, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Ud Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
Emprego e Empresa	PS2000	Promoción Econ.	0207	Xefatura Dpto.	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 207 de xefatura de departamento de Promoción Económica, actualmente atópase vacante.

Segunda.- Unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV das persoas presentadas, o xefe de servizo de RRHH co conforme do coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana, en informe de data 24/10/2023 con código de verificación 6X0P4J362E5K0M6S0XXQ, tendo en conta o informe da xefa de servizo de Emprego e Empresa co conforme da coordinadora xeral da Área de Benestar Social de 18/10/2023 con código de verificación 4U2E1W040W4B15700K5S, emite unha proposta de nomeamento de Dona Belen Lucía Gil Alvarinho, en comisión de servizos, no posto de xefatura de departamento de Promoción Económica (ref. posto 207).

Terceira.- Cómpre indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicación dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle



Concello da Coruña

un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de xefatura de departamento de Promoción Económica, (nº ref. 207) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Emprego e Empresa, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona Belen Lucía Gil Alvariño, en comisión de servizos, ao posto de traballo de xefatura de departamento de Promoción Económica co número 207 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.Ud Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
Emprego e Empresa	PS2000	Promoción Econ.	0207	Xefatura Dpto.	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED

Quinta. O posto de orixe de Dona Belen Lucía Gil Alvariño, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Ud Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
Interv. Xeral	IX1200	Control Fin. E Fis.	1228	T. M. Control Finan.	A2	22	AX	FR09

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 241, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2023 (BOP nº 131 de 11/07/2023), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao concelleiro delegado de Economía, e Planificación Urbana.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana por delegación da Xunta de Goberno Local do 05/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1. Destinar a Dona Belen Lucía Gil Alvariño (NIF ****539**), en comisión de servizos, ao posto de xefatura de departamento de Promoción Económica (nº ref. 207).

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Ud Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
Emprego e Empresa	PS2000	Promoción Econ.	0207	Xefatura Dpto.	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada, ao Interventor Xeral e á xefatura do Servizo de Emprego e Empresa.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas